



PLAN DE SOSTIBILIDADE ADEGA

I. PRESENTACIÓN

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), fundada en 1976 é unha asociación ecoloxista democrática, independente e sen ánimo de lucro que traballa en defensa do medio ambiente galego e global do que depende a nosa calidade de vida.

ADEGA avoga por un modelo de desenvolvemento ecoloxicamente sustentábel e socialmente xusto, por un modelo de desenvolvemento sen destrución ambiental que reduza as desigualdades dentro de cada país e entre países.

ADEGA é a asociación de defensa ambiental máis activa e con maior implantación en Galiza, cunha experiencia de traballo de case de 50 anos. Centramos o noso traballo en Galiza sen por iso deixarmos de ter unha visión global da problemática ambiental e de exercermos na medida das nosas posibilidades a solidariedade coas loitas ambientalistas doutros pobos.

ADEGA entende que a diversidade biolóxica ten o seu reflexo na diversidade cultural e que ámbalas dúas deben ser preservadas. Isto supón no noso caso asumir un compromiso coa defensa da cultura e a lingua propias de Galiza.

2. TRABALLO EN REDE

Traballamos en rede con outras organizacións galegas, estatais e internacionais, en iniciativas como:

- Federación Ecoloxista Galega (FEG) que agrupa á maioría das asociacións ecoloxistas galegas.
- Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (CEMMA).
- Cousa de Raíces, para reivindicar e poñer en valor os aspectos ecolóxicos, sociais, económicos e culturais dos bosques galegos.
- Foro do Camiño Primitivo, para salvagardar os valores naturais e patrimoniais desta vía histórica que discorre desde Oviedo ata Santiago de Compostela.
- Plataforma Nunca Máis.

- Rede Ibérica do Proxecto Ríos, integrada por entidades que desenvolven iniciativas semellantes en distintos territorios da Península Ibérica.
- Foro de Redes e Entidades de Custodia del Territorio (FRECT), entidades de custodia do territorio do conxunto do Estado español.
- Asociación Estatal de *Basuras Marinas*, entidades que en todo o Estado traballamos no eido do lixo mariño.
- *Composta en Red*, coordinadora de Entidades Locais de todo o Estado que desenvolven experiencias de compostaxe doméstica e comunitaria.
- *Red Montañas*, rede estatal para transmitir á sociedade a necesidade de protexer as montañas.
- A Oficina Europea do Ambiente (OEA), federación constituída polas organizacións de defensa do ambiente máis importantes da Unión Europea.
- A Federación Transporte e Medio Ambiente Europea.
- *European Pond Conservation Network* (rede europea para a conservación das charcas), entidades que en toda Europa traballamos para a divulgación e conservación destes ecosistemas ameazados.

3. XUSTIFICACIÓN DO PLAN

A preocupación polo medio ambiente e os danos causados pola acción humana abordáronse por primeira vez en todo o mundo na Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Humano de 1972 en Estocolmo. En 1987, a ONU incluíu por primeira vez o concepto de desenvolvemento sostible (Informe *Brundtland*), definíndoo como "aquilo que satisfai as necesidades da xeración presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades".

Desde entón, avanzáronse en distintos cumios, conferencias e declaracións para adoptar un enfoque de desenvolvemento que protexa o medio ambiente, garantindo ao mesmo tempo o desenvolvemento económico e social. Destaca sobre todo o Cumio da Terra das Nacións Unidas en Río de Xaneiro de 1992, onde se abordaron como adoptar un enfoque de desenvolvemento que protexa o medio ambiente, garantindo ao tempo o desenvolvemento económico e social, e que proporcionou importantes instrumentos para a defensa do medio ambiente.

Outro fito importante foi a Declaración do Milenio das Nacións Unidas, no ano 2000, que estableceu os 8 Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), un deles (ODM7) orientado directamente á sustentabilidade ambiental, que debía cumprirse no ano 2015.

Finalmente, no Cumio de Desenvolvemento Sostible de 2015 en Nova York, acordouse a Axenda 2030, que establece os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que deben cumprirse en todos os países:

- Obxectivo 1. Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todas partes.
- Obxectivo 2. Poñer fin á fame, conseguir a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sostible.
- Obxectivo 3. Garantir unha vida saudable e promover o benestar para todos en todas as idades.
- Obxectivo 4. Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe ao longo da vida para todos.
- Obxectivo 5. Consegur a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas.
- Obxectivo 6. Garantir a dispoñibilidade de auga e a súa xestión e saneamento sustentable para todos.
- Obxectivo 7. Garantir o acceso a unha enerxía accesible, segura, sostible e moderna para todos.
- Obxectivo 8. Promover un crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos.
- Obxectivo 9. Construír infraestruturas resilientes, promover unha industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación.
- Obxectivo 10. Reducir a desigualdade dentro e entre os países.
- Obxectivo 11. Facer que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles.
- Obxectivo 12. Garantir pautas de consumo e produción sostibles.
- Obxectivo 13. Adoptar medidas urxentes para loitar contra o cambio climático e os seus efectos.
- Obxectivo 14. Conservar e utilizar de forma sostible os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible.
- Obxectivo 15. Protexer, restaurar e promover o uso sostible dos ecosistemas terrestres, xestionar os bosques de forma sostible, loitar contra a desertificación, frear e reverter a degradación da terra e frear a perda da diversidade biolóxica.
- Obxectivo 16. Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sostible, proporcionar acceso á xustiza para todos e construír institucións eficaces, responsables e inclusivas a todos os niveis.
- Obxectivo 17. Fortalecer os medios de implementación e revitalizar a Asociación Global para o Desenvolvemento Sostible.

O Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) informa de que as ameazas máis graves para o planeta, como o cambio climático, a taxa de extinción de especies e o reto de alimentar a unha poboación en crecemento, están entre os moitos problemas que non foron resoltos e que poñer en perigo a humanidade.

Progresivamente, todos os países do mundo foron introducindo políticas ambientais e a maioría asinaron e ratificaron acordos internacionais sobre protección ambiental, dereitos humanos, dereitos da muller, dereitos da infancia, etc.

No ámbito estatal, a protección do medio ambiente está recollida na constitución de 1978, que establece no artigo 45 o recoñecemento constitucional do dereito a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Ademais, o V Plan Director 2018-2021 da Cooperación Española reflicte a importancia do medio ambiente, considerándoo de xeito transversal. Así mesmo, a Coordinadora de ONG para o Desenvolvemento-España recolle especificamente no seu código de conduta o coidado do medio ambiente como un dos aspectos básicos para calquera tipo de proxecto (desenvolvemento, sensibilización e educación para o desenvolvemento, axuda humanitaria...).

4. SUSTENTABILIDADE EN ADEGA

O plan estratéxico de sustentabilidade ambiental de ADEGA baséase na necesidade de sistematizar o compromiso da organización co desenvolvemento sostible, mediante a implantación da sustentabilidade en todas as actividades e proxectos e o proceso de avaliación das implicacións para o medio ambiente de calquera actuación que se proxecte, en todos os ámbitos e a todos os niveis.

Implica abordar estratexicamente os problemas ambientais como dimensión integral do desenvolvemento económico e social, co fin de fortalecelo mediante o uso eficiente dos recursos naturais e da natureza.

Na actualidade ADEGA organízase en dúas grandes áreas de actividade: a denuncia e/ou reivindicación dun medio ambiente de calidade para o noso país; e a educación e información ambiental para o desenvolvemento e concienciación da sociedade galega.

Por iso, o plan estratéxico incorpora medidas concretas para garantir a inclusión do medio ambiente tanto nas boas prácticas (a nivel xeral da organización) como nos programas e proxectos de educación e divulgación ambiental.

A política ambiental de ADEGA define a nosa preocupación por axudar a mellorar e coidar o medio ambiente, preservar os principios naturais dos humanos e promover o desenvolvemento sostible. Os principios fundamentais que se aplican en todas as nosas áreas de actividade, e que enmarcan este compromiso ambiental son:

- Actuar de acordo coas leis e normativas de xestión ambiental aplicables no ámbito territorial onde operamos.
- Respectar a natureza e a biodiversidade onde se sitúan os nosos proxectos, minimizando na medida do posible todo o impacto ambiental e os residuos xerados.

- Avogar pola redución, reutilización e a reciclaxe.
- Promover a redución do consumo.
- Previr riscos a nivel patrimonial, laboral e ambiental.
- Manter a concienciación e formación de todos os empregados e voluntarios, promovendo a formación ambiental e favorecendo a participación activa, incluíndo as suxestións de mellora propostas por eles para favorecer a mellora continua.

Ademais, aínda que os nosos proxectos implican precisamente intervencións ambientais, téntase reducir as afeccións ao medio ambiente tratando que calquera cambio na súa calidade inflúe directa ou indirectamente no benestar das persoas.

Por iso é moi importante introducir correctamente o medio ambiente en todas as fases dos nosos proxectos .

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS E MEDIDAS E ACCIÓNS POR ÁMBITOS

I. ÁMBITO MEDIOAMBIENTAL

Obxectivo I: Implantar medidas de redución de consumo de recursos naturais nas nosas sedes, así como nas nosos programas e proxectos. A redución do consumo de enerxía e auga debería defenderse, na medida do posible, nos seguintes aspectos:

- *Redución do consumo de enerxía (ODS 7):* uso de lámpadas LED e haloxenas, restrición do uso de auga quente só para materiais de limpeza, promoción do uso de fontes de enerxía verde (empresas subministradoras de enerxía certificadas como 100% renovables, uso de placas), apagado dos ordenadores cando non se vaian utilizar durante un período superior a media hora, utilización de aparellos eléctricos e/ou electrodomésticos con eficiencia enerxética "A" ou superior, adaptación da temperatura da oficina a un uso responsable da climatización ou calefacción. Así mesmo, evítase o emprego de sistemas enerxéticos dependentes dos combustíbeis fósiles.
- *Redución do consumo de auga (ODS 6):* uso de cisternas de dobre empuxe, uso de aseos secos ecolóxicos, implantación de métodos para optimizar o uso de auga reciclada *versus* potable, reutilización de auga para o regado de plantas. No caso de ter que empregar auga embotellada, optárase polos envases reutilizables ou retornables, menos contaminantes.
- *Redución de emisións e produtos contaminantes (ODS 13):* promoción do uso do transporte público e/ou vehículos non contaminantes por parte das persoas empregadas e voluntarias. Nos desprazamentos por estrada, promoverase o uso do

transporte colectivo e, sempre que sexa posíbel o transporte público e vehículo eléctrico. Tamén se primarán as actividades co voluntariado ao aire libre, aproveitando a luz natural do día, en contacto coa natureza e sen necesidade de empregar sistemas eléctricos para a dotación de luz.

Fomentaranse os encontros virtuais e o teletraballo, o consumo de produtos de xeración local e/ou de temporada, promoción da reparación de electrodomésticos ou equipos electrónicos defectuosos en lugar da adquisición de novos substitutos, compra de produtos co selo de comercio xusto.

Obxectivo 2: Implantar medidas de xestión sustentábel de residuos nas nosas sedes e oficinas. Farase un especial esforzo neste ámbito en cumprimento do obxectivo de produción e consumo responsable (ODS 12).

- *Reducirase o uso de papel e tóner*, procurando a dixitalización de toda a documentación administrativa e reducirase ao mínimo o emprego de papel para as accións de divulgación da entidade, optando por alternativas dixitais ou códigos QR. A revista Cerna publicarase en edicións dixitais, agás a edición coleccionábel, correspondente ao Anuario, que se editará en papel. Reducirase o uso de envases, especialmente plásticos, fomentando as compras por xunto ou a granel, ou o uso de envases de papel, vidro ou metal.
- *Fomentarse a reutilización de papel* (impresión en follas descartadas) e/ou outros materiais (novos usos de caixas de DVD antigas ou envases de plástico baleiros, recuperación de restos de tecidos...)
- *Dispoñeranse de colectores específicos* para a súa reciclaxe segundo a normativa aplicable, con sinais informativos do que se debe depositar en cada tipo de contedor.
- *Ofertarse servizo de recollida de aceite de balde* nas nosas sedes para favorecer a súa reciclaxe.
- Naquelas actividades nas que se prevea a produción de residuos, facilitarase zonas ou *espazos de recollida selectiva* de refugallos.
- Desenvolveranse nos centros de ensino e en diversas organizacións ou entidades sociais *obradoiros de reciclaxe de refugallos*.
- Priorizarase o consumo responsable e de proximidade nas actividades da organización.
- No ámbito alimentario, optarase por alimentos ecolóxicos, de tempada, de proximidade e saudábeis, promovendo a agricultura ecolóxica e sostíbel a través dos nosos programas (ODS 2) e hábitos saudábeis de alimentación (ODS 3).

Obxectivo 3: Promoverase o desenvolvemento sostible e o respecto polo medio ambiente en proxectos e accións de sensibilización e educación para o desenvolvemento.

A educación, ademais de ser un Obxectivo de Desenvolvemento Sostible en si (ODS4), considérase un instrumento prioritario para a consecución dos demais ODS. O coñecemento e o desenvolvemento de capacidades analíticas e creativas son esenciais para identificar solucións aos problemas locais e globais en todos os ámbitos do desenvolvemento sostible.

Por outra banda, o cumprimento da Axenda 2030 dependerá do coñecemento que os cidadáns teñan dos ODS, xa que é necesaria a implicación de todos. Por iso, consideramos fundamental que ADEGA realice accións de sensibilización para actuar como voceira da Axenda 2030, co fin de promover un desenvolvemento sostible e igualitario.

Todos os nosos proxectos de Sensibilización e Educación para o Desenvolvemento terán como unha das súas prioridades dar a coñecer os ODS e a Axenda 2030 á cidadanía, así como a importancia que a sustentabilidade ambiental ten en ADEGA, dando visibilidade e/ou exemplos de actuacións concretas postas en marcha para o coidado do medio ambiente e o fomento do desenvolvemento sostible.

Para iso, procurarase transversalmente:

- Fomentar a economía circular e a súa contribución ao ODS 12: Produción e consumo responsable, mediante o fomento da reutilización e reciclaxe.
- Incluír accións específicas de sensibilización dirixidas a informar e concienciar sobre o ODS 12 e a súa dimensión global, promovendo o uso responsable dos recursos (auga, enerxía e alimentos, principalmente).

Obxectivo 4: Incorporar a transversabilidade no medio ambiente en todas as fases dos proxectos e programas de ADEGA: deseño, execución e avaliación.

2. ÁMBITO SOCIAL

Obxectivo 1. Igualdade de xénero (ODS 5)

ADEGA fomentará a igualdade de xénero tanto no seus órganos de xestión e decisión, así como no persoal contratado e nas actividades de participación social (voluntariado ambiental, actividades, proxectos, etc.) e fomentará o respecto pola diversidade sexual.

Procurarase a participación activa da organización en actos e actividades organizados por entidades ou persoas do movemento LGTBI+ e pola igualdade de xénero.

Obxectivo 2. Inclusión e accesibilidade (ODS 4)

De igual maneira, ADEGA fomentará a inclusión e accesibilidade nas súas sedes e actividades facilitando a participación de persoas con diversidade funcional.

No deseño dos seus programas e proxectos procurará atender ás persoas con algunha diversidade funcional ou psíquica.

Na comunicación da asociación empregarase unha comunicación que non discrimine por sexo ou raza e que atenda a toda a diversidade sociocultural.

Obxectivo 3. Lingua galega e patrimonio cultural (ODS 16)

Como se recolle no artigo 2 dos seus Estatutos, relativo aos fins da organización, ADEGA ten como obxectivo defender o patrimonio cultural e promover o uso da lingua galega, a cal empregará tanto na comunicación interna como externa (nas súas redes sociais, revistas, boletíns, etc.) e no desenvolvemento de todas as súas actividades, programas e proxectos. Darase acceso público ao material divulgativo e cultural da organización.

Obxectivo 4. Vida saudable e benestar (ODS 3).

Garantirase à seguridade nos espazos de traballo e à prevención de riscos laborais, así como en todas as actividades que se desenvolvan pola organización co persoal contratado ou voluntario, dispoñendo en todos os espazos dun botiquín específico para emerxencias sanitarias e dos correspondentes seguros de accidentes.

Faranse respectar en todos os espazos das nosas actividades, as normas fundamentais de convivencia e de respecto común no ámbito da seguridade da saúde pública.

3. ÁMBITO ECONÓMICO

En orde a promover un crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos (ODS 8), marcámonos os seguintes obxectivos:.

Obxectivo 1. Sinerxías e alianzas con outras entidades galegas, estatais e estranxeiras.

Favoreceranse as sinerxías e alianzas con outras entidades galegas, estatais e estranxeiras co gallo de partillar custos e favorecer a eficiencia económica e a conseguinte redución de consumos innecesarios.

Obxectivo 2. Emprego sostíbel e de calidade

Procurarase a formalización de contratos estábeis e indefinidos, e darase rigoroso aos convenios laborais aos que o persoal estea adscrito.

Aplicaranse criterios de igualdade retributiva, evitando sesgos ou discriminacións por xénero ou raza.

Facilitaranse ao persoal traballador medidas de conciliación laboral e familiar e favorecerase a flexibilidade horaria e, na medida do posíbel, o teletraballo.

Obxectivo 3. Equidade e proporcionalidade nas cotas de afiliación.

ADEGA establecerá os prezos das cotas de afiliación baixo criterios de equidade e proporcionalidade, de xeito que se evite a discriminación, ao tempo que se favoreza a participación de todos os sectores sociais, independentemente do seu poder adquisitivo, como membros da Asociación.

Obxectivo 4. Responsabilidade financeira.

ADEGA exercerá con absoluta responsabilidade a xestión contábel e financeira da organización para garantir à súa sustentabilidade e continuidade futura, así como a custodia

e preservación de todos os seus bens. Así mesmo, optará preferentemente por establecer acordos financeiros ou de colaboración, cando fixese falla, con entidades financeiras nas que primen os principios de carácter social e ambiental sobre os economicistas.

Obxectivo 5. Fomento do autoconsumo e o cooperativismo.

Promoverase a participación da organización en iniciativas de autoconsumo sostíbel ou de cooperativismo con fins socioambientais e sen ánimo de lucro.